



TERRA GALAICA

Alén do Camiño

Verán 2024




TERRA GALAICA

Alén do Camiño

ORÍGENES

Tu viaje comienza



Dende que o tempo é tempo, os nosos antergos foron guiados por un compás, un faro interior, que os levou ata o final da Terra coñecida. Inspirados na bóveda celeste, aquí construíron espazos sagrados dende os que conectar co divino, dende os que consagrarse ao Pai Sol e á Nai Terra, honrando os ciclos naturais e facendo ofrendas á fertilidade.

Lugar de bardos e meigas, onde viven as mouras e as súas lendas, onde os romanos construíron templos aos seus deuses e os templarios agocharon as súas reliquias traídas de Terra Santa. Todos eles seguindo o movemento solar, para atopar o segredo da alquimia, a promesa do Grial.

Viaxa e descubre connosco esta Terra antiga, conectando coa súa sabedoría, coa forza da súa natureza e coa súa chamada orixinal. Sente a enerxía telúrica que rodea os lugares sagrados e a súa fermosa melodía que permanece latente na pedra. Báñate nas súas augas termais, máxicas e medicinais que manteñen os poderes curativos de antano.

Acompañados de gardiáns da historia, a tradición e os saberes antigos, embarcaremos nunha viaxe única, onde historia, mito, lenda, pasado e presente se funden nunha experiencia única que te levará de volta a casa, de volta... á Orixe.

TERRA GALAICA

Alén do Camiño

ORÍGENES

Tu viaje comienza

Terra Galaica é unha terra primixenia, unha terra onde falan as pedras que nos contan a súa antiga historia. Onde as súas augas, os seus bosques e a súa tradición manteñen vivos os saberes e as ensinanzas de antano. E onde reside unha poderosa enerxía telúrica que a conecta con outros enclaves do planeta que chamaron á xente ao longo do tempo.


Mergullémonos nos puntos máis estratéxicos da Galicia ancestral, dando voz ás súas paisaxes visibles e invisibles. Exploraremos xuntos as súas lendas, os seus mitos, as súas árbores, as súas augas atlánticas e termais, a súa gastronomía, a súa ara solis e lugares cunha forte carga simbólica e ritual.

Convidarémovos a cruzar a porta “máis aló do Camiño”, para mostrarvos as súas raíces orixinais, levándovos así a unha realidade impregnada de recordos neolíticos, gozando da natureza que nos rodea e bañándonos en augas medicinais que nos proporcionarán relaxación, enerxía e benestar..

Visitaremos espazos sagrados cheos de maxia e conectaremos coa enerxía e a información que reside na Nai Terra, accedendo ao seu coñecemento dende os gardiáns do lugar, cunha posta en escena diferente e a través de experiencias e historias a cada paso do camiño.

7 DÍAS

Terra Galaica: Máis aló do Camiño, propón unha experiencia diferente con expertos e colaboradores locais para vivir este destino a partir dunha compartición única cos nosos compañeiros de viaxe, cultivando encontros e ampliando os nosos sentidos. En definitiva, deixando pegada no noso corazón.



DÍA 1



“

Presentación

Benvi@ viaxeir@,

Estás a piques de formar parte dunha experiencia única e diferente.

Única polo valor das experiencias que vivirás e pola transmisión de coñecementos que recibirás dos gardiáns do saber antigo, que che proporcionarán visións complementarias sobre a información que reside nesta Terra Máxica.

Diferente porque decides como moverte e con quen e onde quedarte cada día. Poder optar por volver a casa ou buscar un lugar ao seu gusto, permitindo así unha gran flexibilidade e un aforro moi importante, que non se contempla nas viaxes organizadas destas características.

SANTA CRUZ (A CORUÑA)

A CORUÑA - CAMBRE

Comezaremos a nosa viaxe na Coruña, visitando o Parque Natural de Punta Herminia, un auténtico museo ao aire libre á beira da Ría, que acaba por fundirse coas augas atlánticas. Aquí cruzaremos unha porta “Alén do Camiño” para vivir o rito de paso da Viaxe do Heroe, que poñerá en marcha o teu reloxo interior durante os próximos días. Chegaremos á Rosa dos Ventos coa súa representación das 8 nacións celtas, para rematar coa historia da Torre de Hércules, o faro en funcionamento máis antigo do mundo (patrimonio da humanidade da UNESCO dende 2009) e a súa presenza anterior como Torre de Breogán. Neste punto deterémonos para mergullarnos no mito e lenda da cidade de Brigantia, orixe da Coruña actual, e da “visión” que lanzou aos galegos á conquista das terras irlandesas.

A continuación, achegarémonos á Praza María Pita, centro neurálxico do centro histórico da cidade, onde faremos un breve repaso pola vida de esta heroína e a súa importancia para A Coruña antes de xantar na zona e gozar do Balcón Atlántico.

Pola tarde visitaremos o concello de Cambre, importante parada do Camiño Inglés. Alí descubriremos unha importante reliquia da Orde do Temple traída de Terra Santa e que conecta a historia secreta de Galicia coa de Galilea, nunha viaxe que comezou na Orixe dos tempos.



COIRÓS- CASTRO DE REI - LUGO

Comezaremos a mañá en Coirós, localidade situada a 22 km da Coruña, para descubrir un Santuario de Rocha Sacra da Idade do Bronce adicado á Fertilidade. Neste espazo sagrado dos antepasados orixinarios desta terra, compartiremos unha experiencia única coa axuda dunha chamana e herdeira de tradicións e coñecementos milenarios, que nos levará a conectar cos nosos devanceiros. Este enclave, que seguiu sendo visitado xeración tras xeración durante milenios, garda os segredos das enerxías da Terra, do feminino e do masculino, e da invocación aos antigos deuses.


Seguiremos cara a Castro de Rei para contemplar e pasear por un dos Castros Celtas mellor conservados da Provincia de Lugo. Declarado Ben de Interese Cultural, neste imponente recinto conectaremos co modo de vida e de entender as forzas da natureza dos seus habitantes e co coñecemento dos druídas que sobreviviron ata os nosos días. Dende aquí iremos á cidade de Lugo onde comeremos nunha tradicional pousada fronte á Muralla Romana, a mellor conservada do mundo.



BOSQUE SAGRADO DE LUGO

Hoxe será un día para conectar coa Nai Terra, no que entraremos no Bosque Sagrado de Lugo; unha aula de natureza ancestral. Un antigo santuario de culto onde a pedra, a auga e o sol son os protagonistas. Un espazo cheo de maxia que nos inspirará a tomar un baño de bosque e deixarnos guiar ao latexo do noso corazón para conectar con este lugar.

Despois da comida, deixaremos un espazo para o descanso. Posteriormente, acompañaranos unha membro da Asociación do Bosque Sagrado de Lugo, gardiana deste marabilloso lugar. A través das lembranzas que permanecen activas na pedra e na auga, guiaranos nunha viaxe no tempo dende Pena de Rodas ata Pena da Moura. Ambas estruturas forman parte dun complexo megalítico de grande valor, situado en liña recta cunha distancia aproximada de 2km e que se consideran un complexo astronómico e un calendario solar, onde se produce o aliñamento entre as súas estruturas e o amencer no solsticio.inverno. e o solpor no solsticio de verán. A enerxía deste lugar é moi antiga e permite ao visitante albiscar e conectarse co que sempre existiu "Alén do Camiño".




LUGO - BÓVEDA DE MERA- FISTERRA

Hoxe atravesaremos a Muralla Romana ata o centro de Lugo onde nos estará agardando o noso experto colaborador na historia romana pagá. Iremos con el por esta cidade de Lucus Augusti, onde comprenderemos por qué esta rexión era tan sagrada para os pobos neolíticos e celtas, que o emperador Augusto decidiu construír aquí a cidade que leva o seu nome. Entre outros aspectos, entenderemos a conexión que existe entre o legado cristián e o antigo Exipto.

Continuaremos ata Bóveda de Mera, onde visitaremos o Santuario de Santa Eulalia de Bóveda, un enclave de gran valor arqueolóxico e arquitectónico, relacionado coas actividades de culto precristián e as augas, que o fai único en Europa Occidental. Monumento Histórico Artístico Nacional en 1931. Este Templo está adicado á deusa Cibeles, deusa da natureza e da fertilidade, venerada en Roma como a Gran Nai dos Deuses.

Despois desta visita dirixirémonos a Fisterra co Camiño Primitivo, para gozar dunha viaxe sobre o mar e gozar do Ara Solis dende as augas do Océano.

NOTAS - A viaxe en barco está suxeita ás condicións meteorolóxicas.
- É recomendable pasar a noite en Fisterra.



MUXÍA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Percorreremos a Costa da Morte dende Fisterra ata Muxía, o que nos permitirá vivir unha visión do Océano en estado puro e salvaxe, sendo esta a franxa costeira máis feroz de toda Europa.

De camiño a Muxía faremos unha breve parada no cabo Touriñán, lugar que en realidade é o extremo máis occidental da Península Ibérica onde o sol se vai en cada solpor, marcando o verdadeiro final da ruta do noso astro Rei, o Sol. Lugar agreste de maxestuosa beleza paisaxística, onde os 4 elementos que dan vida (auga, terra, sol e aire) están presentes na súa máxima expresión.

En Muxía, outro dos nosos expertos colaboradores sorprenderanos coa súa explicación sobre este monumento de pedra aberto ao mar e o seu Santuario da Barca. Faranos unha viaxe no tempo para mostrarnos o seu significado máis antigo que converteu a Muxía nun lugar de gran importancia para a peregrinación e para os seus primeiros poboadores. Alí podemos sentir a enerxía da Pedra Abalar, que segundo a tradición ten o poder de transmitir a fertilidade.

Despois desta marabillosa experiencia, iremos comer para gozar dos manxares que estas augas nos ofrecen.



SANTIAGO DE COMPOSTELA

Que hai alén do Camiño, en Santiago? O noso colaborador e fundador das rutas Secretos de Galicia guíaranos por esta cidade, afondando nos seus segredos e na súa simboloxía oculta, para descubrir a verdadeira historia que a conecta co chamado orixinal desta Terra Galega. Información que leva séculos agardando a ser contada, e que non te deixará indiferente. Ó remate deste percorrido, poderemos seguir coñecendo as rúas de Compostela e gozar de todo o que esta marabillosa cidade nos ofrece.

Pola tarde podes escoller entre dúas opcións, ou gozar e vivir a cidade ao teu ritmo, ou facer unha ruta para visitar o lexendario Pico Sacro, vinculado á figura da Raíña Lupa e relacionada coa lenda da cheada do apóstol a Santiago. Visitaremos aquí o Pozo dos Mouros, unha cova que percorre o interior do pico e no que, según se di, antiguamente dispoñía dun altar

Para rematar a nosa viaxe reuniremonos para celebrar a vida cunha cea especial de despedida, para ir descansar co corazón feliz.



SANTIAGO DE COMPOSTELA

Que hay al otro lado del Camino, en Santiago? Nuestro colaborador y fundador de las rutas Secretos de Galicia los guiarán por esta ciudad, ahondando en sus secretos y en su simbología oculta, para descubrir la verdadera historia que la conecta con el llamado original de esta Tierra Gallega. Información que lleva siglos esperando a ser contada, y que no te dejará indiferente.

Al final de este recorrido, podremos seguir conociendo las calles de Compostela y disfrutar de todo lo que esta maravillosa ciudad nos ofrece. Tarde libre para que cada quien pueda vivir la ciudad a su ritmo. Aunque también se puede elegir la opción de hacer una ruta para visitar el legendario Pico Sagrado, vinculado a la figura de la Reina Lupa y relacionada con la leyenda de la lleada del apóstol a Santiago. Visitaremos aquí el Pozo de los Mouros, una cueva que recorre el interior del pico y en el que, según se dice, antiguamente disponía de un altar.

Para finalizar nuestro viaje nos reuniremos para celebrar la vida con una cena especial de despedida, para ir a descansar con el corazón feliz.



ACOMPAÑANTES

José Carlos Hermida. Ambientólogo, mestre e aventureiro, dende neno teño paixón pola natureza, polas viaxes e polas historias que contaban este mundo doutra maneira. As lendas, a mitoloxía, a maxia e todo o que sentía que estaba por descubrir máis alá da vida ordinaria, sempre me atraeron poderosamente. No meu camiño procurei comprender a orixe das xentes, as súas tradicións máis antigas e os seus lugares sagrados e conectar co latido do planeta. Viaxar polo mundo, e a formación e práctica de disciplinas orientais e humanistas deronme unha maior comprensión do ser humano e un profundo respecto pola Nai Terra.



Sonia Lamas. Sempre moi ligada á natureza, toda a miña formación xira arredor da saúde, das plantas, da comprensión das leis naturais e das relacións equilibradas con todo o que nos rodea. Nos últimos tempos afondei nas raíces das tradicións galegas e na actualidade imparto obradoiros de medicina ancestral, etnobotánica, rituais de cura e lugares sagrados de Galicia. Os meus pasos percorren estas terras cada vez máis seguros da maxia e dos enigmas que poboan Galicia. Recordar de novo todas estas memorias ancestrais, poder ensinalas e mantelas vivas é hoxe unha das miñas maiores motivacións.



EXPERTOS LOCALES

Francisca López. Responsable da organización da Roga da Luz e membro fundador da Asociación do Bosque Sagrado de Lugo cuxo obxectivo é a creación dun espazo de encontro para a reflexión, o autoconecemento e o traballo polo ben común, dende a íntima conexión coa paisaxe e o cultura arredor do patrimonio megalítico e inmaterial de Penas de Rodas (Outeiro de Rei) e Pena da Moura (Begonte) na provincia de Lugo



Carlos Sánchez - Montaña. Arquitecto especialista en Proxectos, Historia e Urbanismo pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Barcelona. Estudos de doutoramento na Universidade da Coruña co curso "Arquitectura de Galicia". Ampla traxectoria como investigador arredor da historia material da antigüidade e especialmente da específica galega. Realización de reportaxes para audiovisuais, director de programas de divulgación en prensa escrita e televisión. "Gústame dar a coñecer, en primeira persoa, os segredos que garda a nosa esquecida historia".



Rafael Lema. Escritor, autor de 22 libros de poesía, narrativa e ensaio en galego e castelán, cunha ducia de premios literarios e de investigación, as súas obras foron traducidas ó francés e ó italiano. Destaca o seu labor como investigador da historia e do patrimonio marítimo ou da etnografía e mitoloxía galega. Neste último aspecto citamos as súas obras: O Camiño Secreto de Santiago; A Vía Pagana a Compostela (italiano); Camiño dos Faros, Lendas da Costa da Morte.



FECHAS

TERRA GALAICA - Alén do Camino -terá lugar en dúas datas para 2024:

- 22 ó 29 de xullo
- 19 ó 26 de agosto

Grupos reducidos entre 10 e 20 persoas.

PRECIO POR PERSOA

Precio 750 € (IVA incluído).

Servizos incluídos:

- Acompañantes durante todo o percorrido, expertos locais e experiencias deseñadas para cada lugar.
- Comidas (cea do primer e último día)

Servizos non incluídos:

- Medios de transporte
- Comida ou bebida non mencionada.
- Calquera outro servizo non indicado no apartado anterior.

RESERVAS E FORMA DE PAGO

- A formalización da reserva require un pago inicial de 333 €.
- O importe restante, 417 €, aboarase un mes antes da data de inicio da viaxe (21 de xuño ou 18 de xullo).
- Métodos de pago: transferencia bancaria e/ou tarxeta de crédito/débito.

Cancelación e reembolso

Grazas ao seguro incluído no prezo da viaxe, en caso de cancelación por causa xustificada, o seguro reembolsará o 100% do importe aboado, logo da debida xustificación (cláusulas e condicións específicas recollidas na documentación do seguro contratado, que recibirá o viaxeiro ao facer a reserva).



INFORMACIÓN PRÁCTICA

No verán predomina o clima suave na costa, e máis calor no interior e ás veces pode chover, polo que é recomendable levar chubasqueiro e/ou paraugas. Tamén se recomenda calzado cómodo e roupa para as actividades que se desenvolverán na natureza.

Para o día da viaxe en barco é recomendable levar unha cazadora e algo quente.

OTRAS CUESTIÓN

Se algún interesado presenta mobilidade reducida, deberá informarnos para ver se podemos cubrir as súas necesidades. Igualmente calquera tipo de intolerancia alimentaria deberá comunicarse no momento de formalizar la reserva.

DATOS DE CONTACTO



José Carlos Hermida

 (+34) 647 58 01 41

 jchermida@astara.es



Sonia Lamas

 (+34) 600 28 51 44

 slamas@astara.es

Web y Redes Sociales

 origenes.astara.es/terragalaica

 @astaraorigenes

 astaraesp

 _astara.es

 **ORÍGENES**
Tu viaje comienza

Únete a nós nesta experiencia máxica que te conectará profundamente. Unha viaxe interior e unha viaxe máis alá do camiño, que te levará de volta a casa, de volta... á Orixe.